

1. Traballos previos.

Faise constar que o inicio das obras establecerase, propiamente, co levantamento do centro de traballo, asumindo a globalidade das medidas de seguridade e protección regulamentarias recollidas no plan de seguridade e saúde da obra.

Designarase na obra o espazo necesario para almacenar o material, dispoñendo tamén de espazo necesario para os residuos da obra que posteriormente se retirarán a vertedoiro autorizado.

Manterase a edificación pechada con elementos que impidan o paso á obra de persoas alleas á mesma.

En primeiro lugar, debido a pendente necesaria para a cuberta, rematarase o peche exterior da edificación, xa existente, cunha fileira máis de bloque de formigón, dando así remate ao peto de cuberta.

No interior, construírse un tabique de fábrica de ladrillo para separar o frente das duchas, onde agora se sitúa o sumidoiro corrido das mesmas, que será ampliado ao ancho.

2. Rede de saneamento

A rede de saneamento xa se atopa executada, incluídas baixantes, arquetas e conexións. Falta por realizar a rede de pequeno saneamento.

3. Cuberta

A cuberta, que estará oculta polo peto de remate da edificación, realizarase con panel sándwich nervado, formado por dúas chapas de aceiro prelacadas e recheo interior de illamento de 50 mm. de espesor mínimo e 40 Kg/m³ de densidade. A pendente mínima será do 5%.

O panel fixarase sobre a estrutura de aceiro previamente colocada, formada por perfís laminados tipo IPE.

Tanto os remates de cuberta, encontros con chemineas e o canalón, que será oculto, estarán realizados en chapa de aceiro prelacado.

Disporanse tres baixantes cadradas no alzado sur. Con cazoleta e rebosadeiro superior.

O cuarto de instalacións contará cunha cheminea de saída a cuberta, en chapa de aceiro inoxidable.

4. Fontanería, pequeno saneamento e aparellos sanitarios.

A instalación de fontanería executarase en canalizacións de polietileno reticulado homologada, con derivacións independentes para cada aparello.

As canalizacións de desaugüe dos distintos aparellos sanitarios serán feitas con canalizacións independentes para cada un ata a baixante. O manguetón do inodoro desauga directamente á baixante. Os demais aparellos dispoñen de sifón individual.

As baixantes e derivacións serán de PVC ou similar. As unións entre as distintas pezas faranse con colas sintéticas impermeables e as suxecións faranse mediante abrazadeiras a intervalos inferiores 1.50 metros. As derivacións terán unha pendente mínima do 1 %.

Os aparellos sanitarios serán de calidade standard, compostos por lavabos, inodoros, e urinarios murais; todos de porcelana branca vitrificada. As duchas serán realizadas "in situ", dotando de pendente ao pavimento cara os sumidoiros, e impermeabilizando previamente as superficies.

A grifería será mediante mezcladores monomando cromados.

Dotarase aos vestiarios e aseos do equipamento necesario para o seu funcionamento: espellos, dispensadores de xabón, de papel hixiénico, etc.

Os aseos de minusválidos e as súas duchas, contarán coas asas e aparellos necesarios segundo a normativa.

5. Instalación eléctrica e iluminación.

Situaranse os puntos de luz, tomas de corrente, cadros de distribución e circuitos, segundo a memoria complementaria de instalacións de electricidade e os correspondentes planos da instalación eléctrica do proxecto.

Empregarase aparallaxe eléctrico de primeira calidade e marca homologada AENOR.

As instalacións que se proxectan axustaranse ao vixente Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, súas Instrucións complementarias, Normas UNE e normas particulares da compañía suministradora para as instalacións de enlace.

Todo aparello eléctrico ou luminaria que poida estar en contacto con ambiente húmido, será estanco. Toda a instalación eléctrica posible discorrerá en bandexas apropiadas polo falso teito.

As luminarias situaranse suspendidas da estrutura de cuberta e sempre por debaixo do falso teito proxectado.

6. Instalación de ventilación.

A ventilación producirase de forma natural, debido a que tanto portas como ventás estarán construídas con lamas de madeira e ocios permeables ao aire.

Só se instalará unha cheminea, na sala de instalacións, para ventilación forzada dos gases da caldeira, no caso de ser necesario.

7. Instalación de enerxía solar térmica

Cumprirase o especificado no Código Técnico da Edificación, DB-HE, sobre aforro de enerxía. Polo tanto, o 50% da demanda de auga quente sanitaria será producida por enerxía solar térmica.

A instalación dos paneis solares será sobre a parcela, nunha zona específica para a mesma; dende onde discorrerán os colectores ao cuarto de acumulación térmica.

8. Instalación de protección contra incendios.

Cumprirase o DB-SI, sobre seguridade no caso de incendio, dotando aos vestiarios das instalacións necesarias: extintores, luminarias de emerxencia, rótulos de saída, etc.

9. Carpintería interior e exterior.

A carpintería interior correspóndese coas divisións interiores para cabinas de duchas e aseos, e estará formada por taboleiros compactos fenólicos, con alta resistencia a humidade e a abrasión. A subestrutura dos paneis será de aluminio anodizado nas fixacións, e nos soportes a terra será sempre en aceiro inoxidable.

A carpintería exterior estará formada por portas corredeiras e ventás fixas. Ámbas se realizarán con subestrutura de aceiro galvanizado e madeira como material de acabado. Estarán formadas por lamas de madeira de iroko, permitindo a ventilación entre elas. As portas exteriores disporán de pechadura.

Proxéctase a colocación dunha porta cortalumes no cuarto de instalacións, abatible, clase EI₂ 45-C5. Formada por pranchas de aceiro lacadas en branco. Homologada.

10. Acabados.

A obra existente atópase sen revestir, tanto interior como exteriormente. Polo exterior, aplicarase un revestimento continuo de morteiro monocapa, liso, en cor similar á caseta de recepción.

Polo interior, nas zonas de cuarto de instalacións, cuarto de acumulación e vestíbulo, aplicarase un enfoscado fratasado de morteiro de cemento, que logo se enlucirá, e posteriormente pintará con pintura antimoho e bactericida.

Nos vestiarios e aseos realizarase un enfoscado rugoso, para posteriormente alicatar con azulexo 20x20cm. liso e mate. Azulexarase ata a altura do falso teito, e para diferenciar os vestiarios colocarase un listelo de azulexo decorativo en cor, nunha soa liña horizontal.

O pavimento será de baldosas de gres porcelánico antiesvarante, con resistencia ao desgaste e a abrasión.

Na base das portas de entrada colocarase unha soleira formada por unha soa peza de granito nacional, de 20mm. de grosor mínimo, con acabado abuxardado antiesvarante.

No interior de tódolos espazos colocarase un falso teito permeable ao aire, instalado ao nivel máis baixo das ventás. Estará formado por pranchas de aceiro galvanizado recuberto con pintura de poliéster, e suxeito mediante perfilería oculta, tamén de aceiro galvanizado. Disporá de alta resistencia á corrosión e de gran durabilidade.

11. Sinalización.

Colocaranse placas indicadoras de metacrilato para identificar os diferentes usos e espazos.